



UNIVERSIDADE
DE VIGO

RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE ABRIL DE 2008, POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DE NOVAS METODOLOXÍAS DE APRENDIZAXE E AVALIACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE TITULACIÓNS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR.

| |
|---|
| Rexistro Xeral |
| SAIDA |
| UVIGO1101 Nº. 200800007804 2008-04-14 09:45:28 |

O Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro, establece o marco normativo para a ordenación, verificación e acreditación das ensinanzas universitarias oficiais. No mesmo faise fincapé en que a nova organización responde non só a un cambio estrutural, senón que ademais impulsa un cambio nas metodoloxías docentes, que centra o obxectivo no proceso de aprendizaxe do estudante, nun contexto que se estende ao longo da vida.

No mesmo sentido exprésase as "Liñas xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia", do Consello Galego de Universidades, que establece que a reforma debe servir para mellorar a oferta académica e adaptar a metodoloxía docente ás directrices de converxencia ao EEES. Asemesmo, as "Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao", expón como principio dos novos plans de estudos o emprego das metodoloxías de ensino-aprendizaxe e avaliación máis indicadas para o sistema baseado en créditos ECTS e, sobre todo, para o ensino centrado na aprendizaxe dos estudantes.

A Universidade de Vigo traballa nesta dirección dende o curso 2005/2006, desenvolvendo experiencias de implantación de novas metodoloxías de ensino-aprendizaxe e de avaliación, con obxectivo de crear as condicións e facilitar os medios para impulsar a adaptación das ensinanzas ao Espazo Europeo de Educación Superior e o deseño das novas titulacións de Grao. Entre as iniciativas destinadas a tal fin se contempla o apoio de bolseiros/as da Universidade polo que,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1.-Convocar "9 bolsas de colaboración, dentro do proceso de adaptación ao EEES, repartidas segundo a táboa seguinte, para a colaboración nas actividades que se indican en cada caso": Ver táboa 1, na páxina 2.

A presente convocatoria, xunto coas bases que a regulan, serán expostas alomenos nos taboleiros de anuncios dos rexistros dos tres campus da Universidade de Vigo e en cada centro no que se imparte a titulación para a que se convoca cada bolsa.

2.-Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2008.0000.300V.482.24, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

3.-A presente convocatoria permanecerá aberta ata as **14:00 horas do día 29 de abril de 2008**.

O modelo oficial de solicitude atópase na seguinte dirección onde é necesario rexistrarse: <http://vicntc.uvigo.es/bolsas>.

As bolsas solicitaranse desde o día 15 de abril ata as 14:00 horas do día 29 de abril de 2008.

| TITULACIÓN | CENTRO | Nº DE BOLSAS | COORDINADOR/A DAS ACTIVIDADES | ACTIVIDADES NAS QUE COLABORARÁ O/A BOLSEIRO/A EN CADA CENTRO |
|--|---|--------------|-------------------------------|---|
| Fisioterapia | E. U. Fisioterapia | 1 | Director do Centro | <ul style="list-style-type: none"> • Recollida e análise da información existente. • Desenvolvemento de material educativo, recursos electrónicos e guías docentes para a implantación e desenvolvemento de novas metodoloxías de aprendizaxe e avaliación en cursos completos da titulación. • Colaboración no seguimento do proxecto de adaptación ao EEES da titulación. • Apoio ás tarefas de divulgación da adaptación das ensinanzas ao EEES na Universidade de Vigo. |
| Belas Artes | Facultade de Belas Artes | 1 | Secretario do Centro | |
| Biloxía | Facultade de Bioloxía | 1 | Vicedecana do Centro | |
| Economía | Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais | 1 | Decano do Centro | |
| Educación Social | Facultade de Ciencias da Educación de Ourense | 1 | Decana do Centro | |
| Mestre, especialidad en Educación Infantil | | | | |
| Psicopedagogía | | | | |
| Ciencias da Actividade Física e do Deporte | Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra | 1 | Decano do Centro | |
| Turismo | Facultade de CC. Empresariais e Turismo | 1 | Decano do Centro | |
| Administración e Dirección de Empresas | | | | |
| Historia | Facultade de Historia | 1 | Vicedecano do Centro | |
| Química | Facultade de Química | 1 | Decano do Centro | |

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución **Recurso de Reposición**, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo, antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común*

Vigo, a 11 de abril de 2008

O REITOR
Por suplencia RR 07/04/2008
O VICERREITOR DE PLANIFICACIÓN



José Cidrás Pidre

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE NOVAS METODOLOXÍAS DE APRENDIZAXE E AVALIACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE TITULACIÓN S AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR.

CURSO 2007-2008

1.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Poderán participar na presente convocatoria os/as estudantes da Universidade de Vigo matriculados no Curso 2007-2008 e que vaian seguir matriculados no curso 2008-2009, preferentemente das titulacións dos centros para os que se convocan as bolsas, e preferentemente dos últimos cursos.

A continuación da bolsa no curso 2008-2009 quedará condicionada á presentación do resgardo de matrícula no curso 2008-2009.

Os candidatos e candidatas, segundo a bolsa ou bolsas as que presenta solicitude, deberán posuir os coñecementos demostrábeis segundo a táboa seguinte:

| TITULACIÓN | CENTRO | Nº DE BOLSAS | COÑECAMENTOS REQUIRIDOS DOS/DAS SOLICITANTES |
|--|---|--------------|---|
| Fisioterapia | E. U. Fisioterapia | 1 | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento a nivel usuario avanzado de ferramentas informáticas de bases de datos e ofimática en xeral. • Na medida do posible, coñecemento de programas de deseño e produción de páxinas web. |
| Belas Artes | Facultade de Belas Artes | 1 | |
| Bioloxía | Facultade de Bioloxía | 1 | |
| Economía | Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais | 1 | |
| Educación Social | Facultade de Ciencias da Educación de Ourense | 1 | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento a nivel usuario avanzado de ferramentas informáticas de bases de datos e ofimática en xeral. • Na medida do posible, coñecemento de programas de deseño e produción de páxinas web. • Na medida do posible, ter superadas materias relacionadas coa programación pedagóxica e dinamización de grupos. |
| Mestre, especialidad en Educación Infantil | | | |
| Psicopedagogía | | | |
| Ciencias da Actividade Física e do Deporte | Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra | 1 | |
| Turismo | Facultade de CC. Empresariais e Turismo | 1 | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento a nivel usuario avanzado de ferramentas informáticas de bases de datos e ofimática en xeral. • Na medida do posible, coñecemento de programas de deseño e produción de páxinas web. |
| Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Historia | Facultade de Historia | 1 | |
| Química | Facultade de Química | 1 | |

2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso de solicitude atópase na páxina seguinte: <http://vicntc.uvigo.es/bolsas>. O prazo de presentación de solicitudes remata ás **14:00 horas do día 29 de abril de 2008**. O impreso debidamente coberto, e acompañado de currículum actualizado e extracto do expediente, pode ser entregado nos rexistros xerais dos tres campus da Universidade de Vigo, sempre e en todo caso remitido ao/á coordinador/a do Centro para o que se solicite a bolsa.

3.- SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A selección dos beneficiarios e beneficiarias das bolsas será efectuada por unha comisión formada, en cada caso, por:

| TITULACIÓN | Nº DE BOLSAS | COMPOSICIÓN DA COMISIÓN QUE PROPORÁ OS NOMEAMENTOS |
|---|--------------|--|
| Fisioterapia | 1 | <ul style="list-style-type: none">• DECANO-A/DIRECTOR-A ou VICEDECANO-A/SUBDIRECTOR-A en quen delegue• O/A SECRETARIO/A DA FACULTADE/ESCOLA• UN PROFESOR/A DO/S CURSO/S IMPLICADOS NO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE NOVAS METODOLOXÍAS |
| Belas Artes | 1 | |
| Bioloxía | 1 | |
| Economía | 1 | |
| Educación Social | 1 | |
| Mestre, especialidade en Educación Infantil | | |
| Psicopedagogía | | |
| Ciencias da Actividade Física e do Deporte | 1 | |
| Turismo | 1 | |
| Administración e Dirección de Empresas | | |
| Historia | | |
| Química | 1 | |

Os criterios de selección a aplicar pola comisión en cada caso, serán:

- Coñecementos demostrábeis no eido da/s materias obxecto dos proxectos específicos.
- Coñecementos de deseño e programación de bases de datos.
- Manexo de ferramentas ofimáticas e de creación de páxinas web.
- En igualdade de condicións nos requisitos anteriores, mellor nota media do expediente académico

A comisión reservarase o dereito de realizar e valorar unha entrevista persoal aos solicitantes.

Os solicitantes que non obtiveran a bolsa serán ordenados por orde de preferencia, constituíndo unha lista de agarda para cada titulación, para cubrir posibles baixas. A adxudicación da bolsa farase por Resolución Reitoral, sendo notificada polo Decano/Director do Centro persoalmente á persoa beneficiada.

4.-DURACIÓN DAS BOLSAS

A bolsa será adxudicada por un período de 12 meses, que poderán ser seguidos ou separados, segundo as demandas do Centro e as dispoñibilidades dos bolseiros/as, dando preferencia ás súas obrigas como estudantes.

5.- OBRIGAS

Serán obrigas do/a bolseiro/a:

- a) A adicación semanal para a realización das actividades de apoio será de 20h.
- b) Levar a cabo e finalizar, no momento que se determine, a realización das actividades propostas.
- c) Colaborar en todo momento cos profesores implicados no proxecto de adaptación ao EEES
- d) Colaborar en todo momento coa Área de Calidade da Universidade de Vigo nos asuntos relacionados co apoio prestado pola bolsa de colaboración.

6.- CONTÍA E PROCEDEMENTO DE PAGO

A contía das bolsas será de 4.080€ cada unha, a aboar en tres veces, a razón de:

- 1) 1.020€ unha vez finalizados os tres primeiros meses de colaboración,
- 2) 1.360€ unha vez finalizados os seguintes catro meses de colaboración (sete meses da duración completa da bolsa)
- 3) 1.700€ á finalización do último período de colaboración ao que corresponden cinco meses (12 meses de duración da bolsa)

Ao finalizar cada período (tres primeiros meses, catro meses, e cinco meses), e previo ao aboamento, o/a Decano/Director do Centro deberá emitir fai constar da conformidade da colaboración durante o período que se vai aboar.

7.- RENUNCIA

A renuncia á bolsa deberá ser comunicada por escrito ao/á Coordinador/a do proxecto con 15 días de antelación, e dará lugar ao aboamento da cantidade correspondente ao mes ou meses de colaboración efectiva. O posto vacante será ofertado aos candidatos da lista de agarda.

8.- REVOGACIÓN

O incumprimento total ou parcial de calquera das condición e das obrigas establecidas na presente convocatoria será causa determinante de revogación da axuda e do reintegro das cantidades incorrectamente abonadas por parte da persoa beneficiaria, no seu caso.

9.- NATUREZA DA RELACIÓN DO BOLSEIRO

Os/as bolseiros/as non adquiren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados aos cadros de persoal da Universidade.